



MARTES 24 DE MARZO

Ola todas e todos! Como estades? Xa pasou outro día, polo tanto queda un día menos para volver a vernos!

A continuación imos indicavos as tarefas que temos para o día de hoxe, **martes 24 de marzo**.

LINGUA GALEGA: (Tarefa na plataforma Eva E-dixgal tema 3)

No día de hoxe imos facer un **pequeno taller de cociña** nas nosas casas. Para isto, podedes elixir unha destas tres opcións:

1. Crear a vosa propia receita.
2. Seguir algunhas das propostas que hai na rede: no perfil de Instagram de Academia Real Fooding (@academia.realfooding) hai moitas ideas interesantes e no Instagram de Thermomix España (@thermomixespana) todos os días de 20:30 a 21:00 fan un festival de cociña online. Se lle botades un ollo ao perfil de Instagram do cole poderedes ver outros moitos exemplos.
3. Colaborar coas vosas familias á hora de facer o almorzo, o xantar, a merenda ou a cea que xa tiñan prevista.

Escollades a opción que escollades, o importante é que **recollades todo o proceso nun documento**, lembrando para isto os contidos vistos na aula relacionados cos distintos tipos de textos.

No caso da **receita** teredes, polo tanto, que **darlle un título, tomar nota dos ingredientes empregados (recordade sinalar as cantidades) e explicar de xeito ordenado todos os pasos que seguístedes para a**



elaboración. Como suxerencia, podedes incluír fotos de todo o proceso para que así quede todo máis claro. O documento coa receita e as fotos podedes envialas no día de hoxe, e ao igual que onte, a través dunha mensaxe pola plataforma Eva E-Dixgal ou a través do email.

LENGUA CASTELLANA: (tarea en Edixgal- Lengua Castellana- Tema 3)

Trabajaremos ortografía a través de este juego online

http://www.educa.jcyl.es/educacyl/cm/gallery/Recursos%20Infinity/aplicaciones/13_elemental_watson/index.html

MATEMÁTICAS: (tarea en Edixgal- Matemáticas- Tema 3)

Operaciones de números enteros online

<https://www.cokitos.com/sumar-numeros-enteros/>

<https://www.cokitos.com/multiplicar-numeros-enteros/>

Outras ideas de actividades voluntarias para facer ao longo do día de hoxe poden ser realizar ioga (seguindo, por exemplo, o IG de @yogaparachicosarbol ás 10.00 horas), asistir a unha clase de debuxo online (no IG de @tanialovestodraw ás 16.00 horas) ou escoitar música (no IG de @musicxs_galegxs_en_concerto todos os días artistas galegos ofrecen os seus concertos en liña a distintas horas do día).



Xa para rematar, non vos esquezades de aproveitar este tempo de cuarentena para desfrutar moito coa vosa familia e cumprire coas medidas establecidas (non saír da casa; lavar as mans frecuentemente; evitar tocar os ollos, nariz e boca...).

Un bico forte para todas e todos e moito ánimo!

Olalla, Ana e Natalia.